

### OCUPACIONES CON SUBREPRESENTACION FEMININA NA CONTRATACIÓN

O Diario Oficial de Galicia publicou a Orde do 25 de novembro de 2010 (DOG Nº 234, do 7.12.2010) pola que se publica a relación das profesións con subrepresentación feminina no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Consellería de Traballo e Benestar, en virtude das atribucións outorgadas pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres en Galicia, elaborou un listado de ocupacións con subrepresentación feminina na contratación no mercado laboral galego. Para formaren parte deste catálogo téñense en conta os grupos ocupacionais que tiveron unha contratación inferior ao 40% no último ano, atendendo ademais á evolución rexistrada durante o último quinquenio e tomando como referencia aqueles grupos con tendencia positiva de contratación total e que aínda así presentan unha baixa porcentaxe de representación feminina. Este listado inclúe un total de 51 agrupacións de profesións que engloban máis de duascenas ocupacións onde o sector feminino está pouco representado.

### VII XORNADAS DA REDE DE OBSERVATORIOS DO MERCADO DE TRABALLO

Os días 20, 21 e 22 de outubro reuníronse na localidade de Pamplona os representantes da Rede de Observatorios baixo a temática de “Avaliación das políticas activas de emprego”.

Entre os relatorios que se expuxeron nas devanditas xornadas destacaron “Efectos da formación sobre o emprego e o emparellamento ocupacional”, “Avaliación das políticas de emprego de persoas con discapacidade, formulación e custo económico das novas propostas de integración laboral” e “O papel do Estado e a crise: a avaliación, esixencia necesaria ante a reforma laboral”.


No segundo día fixéronse comunicacións de diversos Observatorios participantes en referencia á experiencia e boas prácticas que resultaron da máxima interese para todos os participantes.

No terceiro día avanzáronse nas tarefas dos catro grupos de traballo da Rede de Observatorios: sistemas de información xeográfica, perfís profesionais do persoal dos observatorios, modelos de boas prácticas en perspectiva e fontes de información administrativas: formas de compartir e integrar información.

Por último foi aprobado por unanimidade a candidatura de Cataluña como sede para a celebración das VIII Xornadas da Rede de Observatorios do Mercado de Traballo.

### NOVAS FUNCIONALIDADES DE INDICADORES DO MERCADO LABORAL

A páxina web do Instituto Galego das Cualificacións contará proximamente cun novo concepto de manexabilidade da aplicación “Indicadores do mercado laboral” onde o usuario poderá manexar de forma interactiva os informes dos principais indicadores que caracterizan o mercado laboral de Galicia, podendo obter gráficos e mapas segundo as seleccións de filtros temporais e territoriais, podendo importar a formatos excell e pdf e que a súa vez lle permitirá traballar no seu propio ordenador.



O **“Informe da situación da muller traballadora no mercado laboral galego”**.

Esta publicación nace co propósito de ofrecer un panorama recente da situación e comportamento das mulleres no ámbito laboral a finais do ano 2009. Este informe sobre o colectivo das mulleres galegas no eido do emprego pretende amosar os cambios que se produciron especialmente nos últimos cinco anos, cambios que veñen orixinados pola difícil situación que experimentan actualmente a economía global e o emprego.



O **“Informe sobre a situación da mocidade no mercado laboral galego”**.

Este traballo pon de manifesto os principais trazos que caracterizan a situación laboral da nosa xuventude. No marco xeral da agudización dos problemas de emprego, a inserción laboral da mocidade resulta particularmente crítica. Con este informe preténdese ofrecer información nova de cara a adoptar as medidas pertinentes que permitan incidir na realidade do emprego xuvenil cara á súa mellora.

## PUBLICACIÓNS



O **“Informe da situación dos traballadores autónomos no mercado laboral galego”**

continúa a serie de monográficos que o Instituto Galego das Cualificacións vén levando a cabo dende o ano 2006 sobre os colectivos de interese que conforman o mercado de traballo en Galicia. Ao longo deste estudo analízanse as distintas estatísticas publicadas, centrándose no réxime especial dos traballadores autónomos.



**“Evolución dos Filóns de emprego en Galicia”**.

Neste traballo desenvólvese unha metodoloxía dirixida a analizar a evolución das ocupacións relacionadas cos filóns de emprego, co fin de detectar que actividades presentan unha maior consolidación e avance positivo. Preténdese con esta publicación avanzar un paso mais para relacionar as actividades destacadas polas súas boas perspectivas de emprego, coa posible formación vía certificados de profesionalidade.

## reCOÑECEMENTO ExPERIENCIA pROFESIONAL

### ¿Para que é o recoñecemento?

Para que as persoas que teñen experiencia e/ou formación non oficial, a través dun proceso de asesoramento e avaliación, poidan obter unha acreditación oficial, de ámbito estatal, con efectos:

- **Profesionais:** acceso e promoción no emprego, e
- **Académicos:** validación de módulos da FP inicial e/ou da FP para o emprego (desempregados e ocupados).



### ¿Como obter o recoñecemento?

É necesario inscribirse no procedemento de recoñecemento da competencia profesional:

Tras a publicación da convocatoria no DOG e no BOE, as persoas interesadas deberán presentar solicitude, no prazo indicado, acompañada do seu currículo (modelo europeo) e toda a documentación xustificativa da súa experiencia e/ou formación.

Poderán presentar esta documentación no rexistro da Consellería de Traballo e Benestar, en calquera oficina de rexistro da Xunta de Galicia, do Portelo Único ou por calquera das formas previstas na Lei de procedemento administrativo.

### ¿Quen pode obter o recoñecemento?

- **As persoas con experiencia laboral:** polo menos 3 anos, cun mínimo de 2.000 horas traballadas en total, nos últimos 10 anos; e/ou
- **As persoas con formación non formal:** polo menos 300 horas, nos últimos 10 anos. Cando os módulos teñan unha duración inferior, a duración que se estableza nos módulos.

**ONDE OBTER INFORMACIÓN e ORIENTACIÓN** xeral sobre o procedemento: fases, requisitos, documentación, calendarios, sedes, etc.

- Nas **oficinas de emprego** do Servizo Público de Emprego de Galicia.
- Nos **centros propios de Formación Profesional Ocupacional** da Consellería de Traballo e Benestar.
- Na Fundación Galega de Formación para o Traballo.
- Na páxina web da Consellería de Traballo e Benestar: <http://traballoebenestar.xunta.es>
- No **Instituto Galego das Cualificacións**, tel.: 981 546 840.

## Normativa autonómica destacada:

- ✚ Lei 14/2010, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011 (DOG nº 250, do 30.12.2010).
- ✚ Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG nº 250, do 30.12.2010).
- ✚ Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. (DOG nº 251, do 31.12. 2010).
- ✚ Orde do 30 de decembro de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede a convocatoria pública para a programación de acción formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2011. (DOG nº 4 do 7.01.2011).
- ✚ Orde do 30 de decembro de 2010 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro e se procede á súa convocatoria para o ano 2011. (DOG nº 10 do 17.01.2011).
- ✚ Orde do 30 de decembro de 2010 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2011. (DOG nº 10 do 17.01.2011).
- ✚ Orde do 31 de decembro de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego. (DOG nº 9 do 14.01. 2011).
- ✚ Orde do 31 de decembro de 2010 pola que se establecen as bases que regulan as dos programas de fomento do emprego en empresas de economía social e de promoción do cooperativismo e se procede á súa convocatoria para o ano 2011. (DOG nº 14 do 21.01. 2011).
- ✚ Orde do 31 de decembro de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas aos concellos e outras entidades locais de Galicia para a realización de actividades de promoción e fomento de cooperativismo, e se procede a súa convocatoria para o ano 2011. (DOG nº 14 do 21.01.2011).
- ✚ Orde do 25 de novembro de 2010 pola que se publica a relación das profesións con subrepresentación feminina no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 234, do 7.12.2010).
- ✚ Orde do 29 de outubro de 2010 pola que se crea o Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 222, do 18.11.2010).

## Normativa estatal de interese:

- ✚ Real Decreto 1675/2010, do 10 de decembro, polo que se modifica o Real Decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade e os reais decretos polo que se establecen certificados de profesionalidade ditados na súa aplicación (BOE nº 318, do 31.12.2010).
- ✚ Real Decreto 1796/2010, do 30 de decembro polo que se regulan as Axencias de Colocación (BOE nº 318, do 31.12. 2010).
- ✚ Real Decreto 1591/2010, de 26 de novembro, polo que se aproba a Clasificación Nacional de Ocupacións 2011. (BOE nº 306, do 17.12.2010).
- ✚ Real Decreto-lei 13/2010, de 3 de decembro, de actuacións no ámbito fiscal, laboral e liberalizadoras para fomentar o investimento e a creación de emprego. (BOE nº 293, do 3.12. 2010).

Para acceder á páxina web da Consellería de Traballo e Benestar: <http://traballoebeneficencia.xunta.es/>  
Para acceder directamente á área de traballo: <http://traballo.xunta.es>